


NÚMERO 2// OUTUBRO 2021

CHÍO

O TEU CAMIÑO, O TEU LAR



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO SEMPRE

Caneiro en Lugo



AL ANDAR SE HACE
CAMINO
Y AL VOLVER LA VISTA
ATRÁS
SE VE LA SENDA QUE
NUNCA
SE HA DE VOLVER A PISAR
CAMINANTE NO HAY
CAMINO
SINO ESTELAS EN LA MAR.

CANTARES. JOAN MANUEL SERRAT



GO YOUR OWN WAY*

Vai polo teu propio camiño, dicía a canción.

Desde **Lugo Sempre**, abrimos o mes pasado, esta senda que é **Chío**, para gozar do camiño da cultura en Lugo e non podemos estar máis agradecidos pola acollida. Agardamos atopar (vos) a moitos nos seguintes cóbados da andaina.

Neste número de **Chío**, o San Froilán é o evento do mes. Non hai outra. E buscamos o voso deleite, falando do binomio inquebrantable entre a nosa festa e a música. Porque sen música non hai festa.

Seguindo o noso propio camiño, pero non me movas os marcos, ho!

MELINA LÓPEZ



QUEDA SAN FROILÁN?

MELINA LÓPEZ

Outubro é o cómbaro do San Froilán para os lucenses. Seica é así.

Ou era así. Nesta era postpandémica, outros eidos están a tomar protagonismo, nunha festa que debería ser eminentemente popular. Flotan no aire partículas politizadoras.

Non é mal momento de traer a **Lincoln** aquí, se cadra: "do pobo, polo pobo e para o pobo" e reflexionar.

Ou estabamos a falar do polbo??



EU PISEICHE UN PÉ NO BAILE

PACO NIETO

Así titulou unha das súas cancións Jei Noguero; e a nós danos a entrada para poñer en valor, porque lles fai falta, ás Feiras e Festas do San

Froilán. Non chego a entender porque extrañas circunstancias, alguén quere borrar o protagonismo de tal tradición, non só luguesa, senón galega, de un xeito de facer Feiras, Festas e Romarías.

Este número de **CHÍO**, adícase a música nas nosas festas, o de botar un pé, era labor de moita tramitación e “maqueo”. Para comezar hai que deixar moi clarito que non había escenarios, como moito quioscos, e na maioría dos casos palcos engalanados de grilandas e lucerío.

Falando de animar os bailes, venme o maxín aquilo de: “Queda terminantemente prohibido el ceder la pareja durante los bailables”, ¿lembran?. E logo comenza o ritmo, onde pasodobles, merengues e chachachás, eran interpretados por formacións como a Orquestra **Astariz; Candal; Novedades** de Rábade; a **Mambo**, co seu director Ramiro Gómez; a **Meilán, Rumbo; Binario**, co seu cantante Benito; a **Clave** do Maestro Parra e o seu animador Martínez; **Maika**, con Máximo Carballal que pasara pola orquestra **Los Pachotes**, e tamén pola **Arrabal;**

a **Palma**; a **Kalú 96**, (foi CALU Circulo Artes Lugo); a **Vélez** co seu triunfante vocalista Tatolas; a **Veracruz; Caribe; Nueva York; Nuñez; Los Emperadores; Maseda**, de Valadouro; a **Sport** de Viveiro; **Moderna**, de Ferreira de Pallares co vocalista Mariño; **Royalty** (antiga Orquesta Araujo); **Melodías del Jazz o Ritmo** de Mondoñedo; a **Varietades** ou a **Venus** de Viveiro; **Venecia, Nueva Lira, a Mato**, co animador Moncho, de Vilalba; la **Peñalara** de Grolos, **Ritmos Nuevos** de Folgoso; **Los Bonges** de Bonxe, claro; **Ideal Monfortina; Orquesta Cabana** de San Xulian de Mos e unha morea delas máis.





Para os máis modernos, o ritmo o poñían, **Los Alesandi, Los Bayas, Los Magos, Los Flavia** de Sarria, **Los Jaslas** da Pobra de San Xiao, **Los Senex, Robert Johnson, Inquietudes, Cerebrum, Son-Vida, Sherry's, Evasión** co seu cantante Jei Noguero; **Epsilón; Los Breaker's**, de Ribadeo; **Los Camons** de Monforte.

Había dúas programación unha a dos ramistas do Concello, e outra a do Círculo de las Artes, onde chegaronse a programarse actuacións de primeiro nivel, claro que eran para os socios e algún que tiña maña para colarse.

Imprescindibles foron as bandas, as houbo e as hai, moi boas; por exemplo a **Banda de Música de Ombreiro; a Banda de Piugos;** a de **Guntín;** a de **Vilacendoi;** a de **Antas;** a de **Vidal** de Trabada; a de **Chantada**, e por suposto a **Municipal de Lugo** con Paco Méndez ó fronte e un amplo e estupendo repertorio.

E aínda máis; porque os grupos de gaiteiros eran os primeiros en animar as rúas; **Os Montes, Os Amigos de Lugo, Os Mosqueiras, Os Quirotelvos** de Ribadeo, **Os Veiga** e **Brisas do Masma**, de Mondoñedo; o **Cuarteto de Grolos, Florencio da Fontaneira,** a **Cega de Castroverde** e o seu compañeiro José; os acordeonistas tamén tiñan moito éxito.

Xa o dixo Celso Emilio

...Quero ir a Lugo,
perderme nas rúas da iauga,
nas canellas do solpor,
nas prazas dos meniños loiros
cantando coas campanas
e coas postreiras luces das fenestras...


LUGO, MIRA PRA ARRIBA

MELINA LÓPEZ

Cantos recunchos agocha a nosa cidade? Cantas perspectivas descoñecidas temos aínda por descubrir?

En Outubro iniciamos esta reportaxe fotográfica, que terá continuación nos vindeiros números da revista, ata final de ano.

Erguede os ollos e levade un novo Lugo para casa.





REPORTAJE ESPECIAL





REPORTAJE ESPECIAL





REPORTAJE ESPECIAL



ACLARANDO, QUE É XERUNDIO

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre**.

Os **contidos** deste número 2 de **Chío**, contan ca inestimable firma convidada de **Paco Nieto**, ás verbas de "Eu piseiche un pé no baile" e con imaxes cedidas por el mesmo.

○ * das **notas da editora**, indican que o título deste apartado, é o ídem dun tema do grupo londiniense, **Fleetwood Mac**.

No referente ás **imaxes**, a revista volve estar chea de fotos de Lugo, localizadas como segue:

- Portada: Caneiro Lugo
- Manifesto: praia das Catedrais
- Notas da editora: Pza. Maior

-Reportaxe especial: (de arriba a abaixo e de esquerda a dereita) Rolda da Muralla, Calella do hospital, San Pedro, Parque Rosalía, Barrio do Carme, Campo Castelo, Calella do hospital, Parque da Milagrosa.

Preciso parece este proceso aclaratorio. Por deixaren patente algúns datos.

Coordina e dirixe Chío, Melina López

